

## SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



### O QUE E O PORQUÉ

#### SoildiverAgro - Mellorando a estabilidade e resiliencia dos agroecosistemas mediante o incremento da biodiversidade edáfica

O principal obxectivo do proxecto SoildiverAgro (H2020 nº 817819) é aumentar a biodiversidade xenética e funcional do solo nos agrosistemas europeos, a fin de mellorar e optimizar a prestación dos servizos ecosistémicos, por exemplo, aumentando a produción e a calidade dos cultivos ao tempo que se reduce o uso de entradas externas. Como resultado, agárdase mellorar a estabilidade e resiliencia da agricultura en Europa. Para acadar este obxectivo, o proxecto desenvolverá un estudo para determinar o nivel actual de biodiversidade do solo en 9 rexións edafoclimáticas, desenvolverá e/ou optimizará ferramentas de control e medición da biodiversidade, e organizará 15 casos de estudo en seis destas rexións, investigando o potencial de distintas prácticas agrícolas innovadoras. Estas medidas inclúen o uso de novos produtos, xa probados comercialmente, a base

de micorrizas do solo e bacterias que favorecen o crecemento vexetal; a aplicación de sistemas de rotación de cultivos máis diversos, incluíndo cubertas vexetais para a captura de nutrientes; o uso de cultivos trampa para o control de pragas e o desenvolvemento de sistemas de alerta de pragas e enfermidades; o uso de subprodutos orgánicos como emenda do solo e fertilizante; así coma a aplicación de sistemas de labranza alternativos. Para garantir a súa rápida adopción, tamén se analizará cada unha destas medidas dende unha perspectiva económica e social, xa que é posible que o sector agrario sexa reticente a estas innovacións se non se asegura previamente a súa rendibilidade. Por último, definiranse obxectivos operativos de diversidade, e propóranse actualizacións das políticas da UE.



1. Fotografía do estudo de caso 6 en Melle, Flandes Oriental (Bélxica).



2. Foto de sementa directa con tractor no estudo de caso 14b en Carelia Sur (Finlandia).



3. Foto de melones do estudo de caso 1 en Cartaxena (España).

### PALABRAS CHAVE

Chan, socioeconomía, biodiversidade, xestión, sistemas, cultivos, edafoclimáticas, estudos de casos, produción, agroalimentación.

### AUTORES

**Lieven Waeyenberge**, Instituut voor Landbouw-, Visserij- en Voedingsonderzoek (ILVO) Merelbeke, Bélxica.

**Merrit Shanskiy**, Eesti Maaülikool (EULS), Tartu, Estonia.

**Paula Pérez**, Universidad de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**Raúl Zornoza**, Universidad Politécnica de Cartagena (UPCT), Cartaxena, España.

**David Fernández Calviño**, Universidad de Vigo (UVigo), Vigo, España.

**Stefan Schrader**, Thünen-Institute (TI), Braunschweig, Alemania.

**Krista Peltoniemi**, Luonnonvarakeskus (Luke), Helsinki, Finlandia.

**Tamara Rodríguez**, Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA), Santiago de Compostela, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.